

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 5 DE AGOSTO DE 2005

### **1.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da xestión do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da cidade de Santiago de Compostela.**

Acórdase aprobar o prego de cláusulas administrativas e inicio do expediente de contratación da xestión do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da cidade de Santiago de Compostela.

### **3.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego así como o inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e proxecto de seguridade e saúde das obras de reurbanización da calzada de Sar.**

Acórdase a aprobación do devandito prego así como o inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e proxecto de seguridade e saúde das obras de reurbanización da calzada de Sar cun tipo de licitación de 30.000 euros (IVE incluído).

### **4.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á aprobación do prego así como o inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción do novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños.**

Acórdase a aprobación do devandito prego así como o inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción do novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriño cun tipo de licitación de 30.003,40 euros (IVE incluído).

### **5.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución e do estudo de seguridade e saúde das obras de escola infantil en San Roque.**

Acórdase adxudicar a devandita asistencia técnica á empresa Coira e Couceiro Arquitectos S:C. polo importe de 11.839,88 euros (IVE incluído).

### **6.- Proposta da Concelleira Delegada de Sanidade relativa á adxudicación das obras de peche en zona de patios exteriores no canil municipal de Bando-Zarramacedo.**

Acórdase adxudicar as devanditas obras á empresa ARMESA S.L. polo importe de 12.250,00 euros (IVE incluído).

### **7.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á aprobación do prego así como o inicio do expediente de contratación do suministro de ordenadores persoais para o Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase aprobar o devandito prego cun tope máximo de prezo unitario de 1.400 euros e unha previsión de adquisición de 60 ordenares, o que supón un gasto máximo de 84.000 euros.

### **8.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto, dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde das obras incluídas no proxecto de ordenación funcional da rúa San Lázaro (rúa A Muíña), 2ª fase.**

Acórdase adxudicar a devandita asistencia técnica á empresa PROYFE S.L. polo importe de 25.320 euros (IVE incluído).

### **9.- Proposta da Concelleira Delegada de Limpeza relativa á adxudicación da xestión do servizo de vertedoiro urbano de Arins no Concello de Santiago.**

Acórdase adxudicar a xestión do servizo de vertedoiro urbano de Arins á empresa Vertedero de Residuos S.A. (Vertresa) ao ser a única oferta presentada. A empresa comprométese á xestión do servizo percibindo 4,8 euros/m<sup>3</sup> por servizo así como a entrega ao Concello da cantidade de 36.476,45 euros semestrais, aos er a úica PROYFE S.L. polo importe de 25.320 euros (IVE incluído).

**10.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación das axudas escolares 2005-2006.**

Acórdase aprobar as bases para a convocatoria do Programa de axudas escolares do curso 2005-2006 das axudas escolares 2005-2006 así como un orzamento de 10.000 euros adicados a este programa.

**11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego así como o inicio do expediente de contratación das obras de mantemento e conservación de vías públicas municipais**

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do expediente de contratación das obras de mantemento e conservación de vías públicas municipais cun tipo de licitación de 1.100.000 euros (IVE incluído).

**12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación e exposición do proxecto de saneamento da conca do río Arins.**

Acórdase aprobar o proxecto de expropiación e o inicio do expediente de expropiación para o saneamento da conca do río Arins. O devandito proxecto afecta a unha superficie total a expropiar de 68.101 m<sup>2</sup> que, de acordo cos criterios de valoración do mesmo, polo procedemento de taxación conxunta, ascenden a 256-945,00 euros

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da xestión do servizo de transporte colectivo.

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto e inicio do proxecto de saneamento da conca do río Arins.

**15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á contratación da liña de transporte entre Santiago e Vilvestro.**

Acórdase formalizar coa empresa Hermanos Ferrín S.L. un contrato para a prestación do servizo par parte da devandita empresa de transporte de viaxeiros entre Santiago e Reborido (Vilvestro) polo período inicial de 15 de setembro de 2005 a 31 de decembro de 2013, prorrogable anualmente por un período de outros 7 anos máis.

16.- Aprobación do Prego de Cláusulas Económicas Administrativas e inicio do procedemento de contratación para o alleamento dunha parcela no SUP-6 de Santa Marta.

17.- Licencias Urbanísticas.

**21.- Proposta da concelleira de Servizos Sociais relativa á adxudicación da Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución de un edificio para a Concellería da Muller e Servizos Sociais**

Acórdase adxudicar a devandita asistencia técnica á empresa Taliesen Arquitectos S.L. polo importe de 29.900 euros (IVE incluído).

**22.- Proposta do concelleiro de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reforma de dependencias municipais no Pazo de Raxoi.**

Acórdase aprobar un gasto de 28.108,42 euros para a realización de obras de reforma da sede municipal do Grupo do PSOE.

**23.- Adxudicación do Subministro e instalación de tendido frontal de fibra, fusionados e tendido de manguera de 100 pares para os departamentos de Deportes, Promoción Económica e Protección Civil**

Acórdase aprobar un gasto de 7.145,83 euros para o devandito subministro.

**24.- Proposta da concelleira de Servizos Sociais relativa á aprobación do proxecto executivo da Casa das Asociacións de Servizos Sociais.**

Acórdase aprobar o proxecto executivo da Casa das Asociacións de Servizos Sociais redactado pola empresa Arquitectos S.L, proxecto que ascende ó importe de 816.878,89 euros (IVE incluído).

